



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Negociado de Educación

Bases reguladoras do programa de subvencións para a promoción e fomento da Cultura dende as asociacións culturais de Ferrol para o ano 2023

EDICTO

Con data do 26 de outubro de 2023, o Excmo. Concello Pleno de Ferrol, aprobou as bases que rexerán o programa de subvencións para a promoción e fomento da Cultura dende as asociacións culturais de Ferrol para o ano 2023 que a continuación se transcriben:

Bases reguladoras do programa de subvencións para a promoción e fomento da Cultura dende as asociacións culturais de Ferrol para o ano 2023

1.- Liñas estratéxicas

A Concellería de Cultura do Concello de Ferrol ten entre as súas prioridades políticas o apoio ás entidades sen ánimo de lucro na realización de actividades culturais, o fomento da participación da cidadanía neste ámbito e o impulso da democratización do acceso á cultura na sociedade.

Nestas bases fíxanse as iniciativas que contribúen á realización destas prioridades, e márcanse obxectivos de carácter xeral, tales como a mellora da xestión e da organización das entidades culturais e das actividades desenvolvidas por elas e a integración nas actividades socioculturais da poboación en xeral, da mocidade, das mulleres e dos maiores, en particular.

Son prioritarias nesta convocatoria as accións tendentes a facilitarlle á cidadanía un uso activo e creativo da actividade cultural e a fixación de programas e programacións culturais.

A Concellería quere contribuír a promover a difusión e a posta en valor de todas as manifestacións da cultura galega en xeral e da ferrolá en particular.

2.- Réxime xurídico

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia;
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local;
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia;
- Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas,
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico das Administracións Públicas
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol (BOP núm. 200 de 21/10/2019)
- Bases de execución do orzamento municipal.

3.- Obxecto da subvención

3.1.-O obxecto destas bases é establecer as normas para a solicitude, concesión, xustificación e pagamento do programa de subvencións que convoca, en réxime de concorrência competitiva, a Concellería de Cultura do Concello de Ferrol para a promoción e fomento da Cultura dende as Asociacións Culturais de Ferrol para o ano 2023.

- Aplicación orzamentaria 05101-3341-48000 do orzamento municipal.
- Importe: 48.000 euros.

Os gastos obxecto de subvención deberán realizarse no período comprendido entre o 1/01/2023 e o 31/12/2023.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que resulten estritamente necesarios, respondan de maneira indubitada á natureza da actividade e se realicen con anterioridade á finalización do prazo previsto para a execución do proxecto ou actividade subvencionada.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

3.2.-Non serán obxecto de subvención, as seguintes actividades e gastos:

3.2.1.- As viaxes de ocio e os gastos de manutención.

3.2.2.- As actividades de carácter confesional nin as festas, agás as que teñan tradición e interese cultural.

3.2.3.- Os cursos de formación, nos que os beneficiarios sexan os propios asociados, nunha porcentaxe superior ao 50% dos asistentes, nos que a formación sexa continua e/ou inherente ao desenvolvemento dos obxectivos e/ou fins da entidade ou nos que non sexan de estrito carácter cultural.

3.3.-Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

3.4.-Se o beneficiario tivera necesidade de contratar os servizos de terceiras persoas ou entidades para realizar as actividades obxecto da subvención, deberá observar estritamente as obrigas que aos empresarios ou empregadores impoña a lexislación vixente en materia de Seguridade Social e Seguridade e Hixiene no Traballo.

4.- Entidades solicitantes e requisitos

As asociacións culturais solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 1.- Estar debidamente inscritas no Rexistro municipal de entidades cidadás e ter os seus datos actualizados no Rexistro municipal de entidades cidadáns no momento de presentar a súa solicitude.
- 2.- Ter os seus estatutos adaptados á Lei orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- 3.- Non contravir o regulado no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
- 4.- Cumprir os requisitos da convocatoria de concesión de subvencións.
- 5.- Ter un número mínimo de corenta socios.
- 6.- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial da localidade e sobre temas de interese para ela.
- 7.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- 8.- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias (de carácter estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.

5.- Condicións da concesión

5.1.-O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva, mediante comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre as ditas solicitudes de acordo cos criterios de valoración fixados nesta convocatoria, e co límite orzamentario dispoñible.

5.2.-O importe da subvención será, co límite de 6.000 € por entidade, co máximo do 80% do orzamento de gastos presentado pola entidade para a realización de cada actividade.

5.3.-No momento da concesión acordarase un anticipo de pago do 50% do importe total adxudicado, sen necesidade de achegar garantía. O resto da subvención municipal adxudicada librarase unha vez se aprobe a xustificación da documentación presentada e a realización da actividade subvencionada de acordo co establecido na base 13.

Son causas de reintegro do anticipo e de perda de dereito ó cobro as establecidas no art. 30 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello (BOP 21/10/2019).

5.4.- A subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o custo total da actividade subvencionada.

No caso de que a concorrència de axudas ou subvencións supere o importe do custo da actividade, minorarase a achega municipal no importe excedido.

5.5.-As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a facer constar a colaboración do Concello de Ferrol en toda a información (impresa, radiofónica, informática, audiovisual, páxina web...) que se faga das actividades subvencionadas, así como no material empregado nas mesmas (camisetas, carteiras, trofeos, bolsas....) e adquirido coa subvención. En todo caso deberá figurar en lugar destacado o anagrama do Concello de Ferrol.

Coa documentación xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga co Concello de Ferrol.

No caso de que o beneficiario recibise subvencións de distintas entidades públicas ou privadas, a publicidade que se lle dea ao financiamento municipal deberá ser, polo menos, análoga á empregada coas demais subvencións.

6.- Solicitudes e prazo de presentación

As solicitudes das subvencións dirixiranse á Alcaldía do Concello de Ferrol, no modelo que figura como anexo a estas bases (ANEXO I), e presentaranse, dentro do prazo de **10 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no **Boletín Oficial da Provincia** da Coruña.

As solicitudes irán dirixidas ó órgano competente para a concesión da subvención e presentaranse en formato electrónico a través do Rexistro electrónico da sede electrónica do Concello.

7.- Documentación

7.1.-A documentación deberá vir asinada, en lingua galega, do seguinte xeito:

-No caso das certificacións, pola Secretaría e co visto e prace da Presidencia ou persoa na que delegue.

-No caso de certificación acreditativa dos gastos realizados ás sinaturas anteriores xuntarase a sinatura da Tesouraría da entidade.

-No caso das declaracións e outra documentación, pola Presidencia ou persoa na que delegue.

7.2.-Coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- (No caso de que exista) Acreditación da delegación da Presidencia na que se especifique o alcance da dita delegación (presentación das solicitudes de subvencións e sinatura de toda a documentación necesaria para a súa tramitación). A dita acreditación realizarase mediante acordo da Xunta Directiva, poder notarial ou calquera medio válido de acreditación en dereito.
- Copia compulsada do CIF da entidade solicitante.
- Documentos que acrediten a identidade da persoa solicitante e, no seu caso, a representación de quen asine a solicitude (copia do DNI, do CIF e documentación acreditativa da representación).
- Certificación acreditativa do acordo de solicitude.
- Solicitude de subvención que se formalizará no modelo de instancia que figura como ANEXO I e á que se xuntará: un documento explicativo da actividade que se vai a realizar (memoria de actividade) co seguinte contido mínimo: descrición da actividade, sector da poboación ao que se dirixe, localización da actividade, obxectivos da actividades, números de persoas que se benefician da actividade, datas e/ou período de realización da actividade, custo da actividade.
- Declaración de solicitude doutras axudas e subvencións para a realización do mesmo proxecto (**ANEXO I**).
- Declaración de non ter obrigas tributarias pendentes coa Facenda estatal, autonómica e local ou a tesourería da Seguridade social. (**ANEXO II**). No suposto de solicitude de subvención superior a 3.000 €, a entidade beneficiaria afectada deberá presentar os correspondentes certificados oficiais.
- Certificación na que se acredite o número de socios activos da entidade, que terá que acadar un mínimo de corenta (**ANEXO III**).
- Declaración responsable de que a persoa ou entidade solicitante non concorre en ningunha das circunstancias que impidan obter a condición de beneficiaria de subvencións públicas, establecidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións (**ANEXO IV**).
- Declaración da persoa asinante onde se sinala que cumpre todo o regulado no artigo 14 da Lei 38/2003, relativo ás obrigas da entidade beneficiaria (**ANEXO IV**).
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, declaración responsable de que o persoal que presta servizos no desenvolvemento das actividades obxecto da subvención, cumpre os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 26/2015 do 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. (**ANEXO V**).

No caso de que ningunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá acreditalo de forma expresa mediante unha declaración responsable (**ANEXO V**).

A documentación que se presente deberá ser **orixinal ou copia compulsada**, consonte aos requisitos previstos nos apartados c) e d) do artigo 53 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na normativa da convocatoria, a Concellería de Cultura requirirá ao interesado para que subsane no prazo máximo e improrrogable de 10 días hábiles coa indicación de que se así non o fixera, se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8.- Comisión de valoración e resolución das solicitudes

A concesión das subvencións realizarase, mediante un réxime de concorrencia competitiva, e será aprobada por resolución do Concelleiro de Cultura, previa valoración e proposta da Comisión Avaliadora e da proposta motivada do negociado de Cultura, órgano instrutor.

Co obxecto de facilitar a mellor avaliación das solicitudes o órgano instrutor ou a Comisión Avaliadora a través do órgano instrutor poderán requirir ás entidades solicitantes a ampliación da información contida nas solicitudes así como solicitar os informes técnicos dos servizos municipais que consideren necesarios.

A **Comisión de Valoración** estará composta polos seguintes membros:

- Presidencia: concelleiro delegado de Cultura ou concelleiro en quen delegue.
- Vogais: Un representante por cada grupo municipal.
- Secretaria: Xefatura de Sección de Promoción Cultural e Turística ou funcionario/a en quen delegue.
- Asesor: Técnico de Cultura

9.- Criterios e procedemento de avaliación das solicitudes

9.1.- A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración das actividades que se van a realizar, ponderando segundo os seguintes criterios:

Criterios comúns: ata 65 puntos

- Interese das actividades, coherencia técnica do proxecto e congruencia entre a programación e os obxectivos da convocatoria: **ata 20 puntos.**
- Nivel de cobertura poboacional e interese social da iniciativa: **ata 10 puntos.**
- Nivel de representatividade da asociación no seu territorio ou sector: **ata 5 puntos.**
- Grao de innovación do proxecto e déficit de actividades análogas no municipio: **ata 10 puntos.**
- Capacidade de autoxestión da entidade e nivel de financiamento propio no seo do proxecto: **ata 5 puntos.**
- Nivel de sostibilidade do proxecto no tempo: **ata 15 puntos.**

Criterios transversais: ata 35 puntos

- Nivel de colaboración con outras entidades cidadás ou axentes sociais na execución do proxecto: **ata 10 puntos.**
- Intercambio e participación activa das persoas socias para a execución do proxecto: **ata 5 puntos.**
- Promoción da participación cidadá e dinamización comunitaria: **ata 5 puntos.**
- Perspectiva de xénero na formulación do proxecto e na difusión de resultados: **ata 5 puntos**
- Ambito poboacional ó que vai dirixido o proxecto: **ata 2,5 puntos.**
- Promoción da extensión social da lingua galega ou do proceso de normalización lingüística como obxectivo de proxecto: **ata 5 puntos.**
- Existencia de documentación oficial da entidade (estatutos, proxectos, orzamentos, certificados), así como documentos habituais de comunicación da asociación (actas, publicidade, circulares, etc.) en lingua galega. Para acreditar este mérito deberase presentar o modelo de declaración responsable de utilización da lingua galega: **ata 2,5 puntos.** (ANEXO VI)

9.2.- Procedemento de valoración:

1. Valoración de cada proxecto segundo os criterios anteriores.
2. Suma de todos os puntos outorgados na valoración dos proxectos ás entidades solicitantes.
3. Cálculo do valor/punto mediante a división do importe global da convocatoria (48.000 €) entre a suma de todos os puntos.
4. Cálculo do importe concedido a cada entidade mediante o produto dos puntos obtidos na valoración polo importe de cada punto.
5. No suposto de entidades nas que o importe obtido supere o importe do proxecto presentado concederase o 80% do proxecto.

10.- Proposta de resolución provisional e reformulación. Notificación da resolución

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración formulará a proposta de resolución provisional que será notificada ás entidades solicitantes a través do **taboleiro de anuncios da páxina web** do Concello de Ferrol, concedéndolles un prazo de dez días para a presentación de alegacións. Non procederá o trámite de audiencia cando exista identidade entre o solicitado e o proposto.

Unha vez transcorrido este prazo procederá a ditar polo órgano competente resolución expresa. Esta resolución conterá a relación de solicitantes ós que se lle concedeu subvención e, de selo caso, a relación de solicitantes que presentaron a renuncia ou desestimento.

O prazo máximo no que debe notificarse ás entidades interesadas a resolución expresa será de seis meses contados a partir do día seguinte á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo, a falta de resolución e notificación producirá efectos desestimatorios. O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. En concordancia co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderase interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o alcalde deste Concello, no termo dun mes contado dende o día seguinte ó da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o xulgado contencioso administrativo correspondente.

11.- Uso da lingua galega e dunha linguaxe non discriminatoria

As comunicacións entre a persoa ou entidade adxudicataria e o Concello de Ferrol deberán realizarse en galego, así e como a difusión de resultados relativos ao proxecto e os seus produtos, en cumprimento da Ordenanza municipal de normalización lingüística de 1997.

12.-Xustificación e pagamento

12.1.-A documentación xustificativa deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola secretaría co visto e prace da Presidencia ou persoa na que delegue. No caso de certificación acreditativa dos gastos realizados ás sinaturas anteriores xuntarase á da tesouraría da entidade.
- No caso das declaracións e outra documentación, pola Presidencia ou persoa na que delegue.

12.2.-A entidade subvencionada para acreditar a execución do programa deberá presentar, no Rexistro Xeral do Concello e no prazo establecido a “**conta xustificativa con aportación de xustificantes de gasto**”, que constará da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

Esta memoria incluírá o número de participantes en cada actividade realizada e, no caso de actividades realizadas en anos anteriores, a porcentaxe de incremento de participante en relación co ano anterior.

Así mesmo incluírá o número de accións de difusión realizadas e, de selo caso, a porcentaxe de incremento respecto ao ano anterior.

- Facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total do orzamento subvencionado para xustificar, ao abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro (Lei Xeral de subvencións e o seu Regulamento). Poderase xustificar con copias compulsadas sempre que previamente se inclúa no orixinal a seguinte dilixencia, asinada polo responsable:

“Dilixencia: En cumprimento da Lei 38/2003 esta factura foi utilizada como xustificante do gasto para a obtención da subvención de do Concello de Ferroldo ano”.

- Xustificantes de pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
 1. No caso de pagamento por transferencia bancaria: xustificante bancario;
 2. No caso de pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón.
 3. No caso de transferencia electrónica: xustificante impreso co selo da entidade e extracto.
 4. Admitirase excepcionalmente a xustificación do pago en efectivo, sempre que a factura non supere os 150 € (ive engadido) e que o gasto xustificado en efectivo non supere o 10 % do importe adxudicado. Na factura ou documento equivalente deberá constar cuño do establecemento ou recibín asinado pola persoa que recibe os fondos con indicación do seu nome e DNI.
- Certificación acreditativa dos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras (nome da empresa e NIF ou, no seu caso, apelidos completos e sen abreviatura e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión, data e forma de pago). (ANEXO VII).

- Declaración responsable de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos das subvencións doutras Administracións Públicas u entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos que xere a propia actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outro ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto. (ANEXO VIII)

No caso de concorrencia de subvencións públicas que estean xustificadas, poderá achegarse certificación da Administración que lla concedeu na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados así como o período ao que se refiren os gastos.

- Documentación gráfica acreditativa do cumprimento das obrigas en materia de publicidade do financiamento do Concello de Ferrol.
- Designación de conta bancaria según as normas establecidas pola Tesourería.
- Declaración responsable de que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario (estatal, autonómico e local) e da Seguridade Social (subvencións de importe ata 3000 €). (ANEXO II),

No suposto de concesión de subvencións por importe superior a 3000 €, será obrigatoria a presentación dos correspondentes certificados oficiais **salvo no suposto de que non esté caducada a presentada coa solicitude**.

- No caso de que a subvención se destine a financiar un servizo ou subministración a partir de 15.000 € sen IVE teranse que achegar tres orzamentos, agás as excepcións do artigo 31.3 da LXS
- Estado dos gastos e ingresos imputados á actividade subvencionada (ANEXO IX)

12.3.-0 coeficiente de financiamento defínese como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do orzamento de gastos presentados pola entidade.

O orzamento subvencionado para xustificar será o que teña que xustificar para poder cobrar a subvención e calcularase como resultado de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

12.4.0 prazo para a xustificación das subvencións finalizará o día 15 de marzo do 2024, se ben antes de finalizar o prazo poderase ampliar, sempre que a persoa interesada o solicite e nos casos debidamente motivados, ou por proposta razoada da unidade xestora. O prazo ampliado non poderá exceder da metade do prazo establecido para a presentación da xustificación.

12.5 Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique correctamente gasto polo 100% do orzamento subvencionado para xustificar aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e polo menos o 50% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvencións, polo que non se aboará cantidade ningunha.

No caso de achegar xustificantes que non se axusten ao esixido ou presentar a documentación xustificativa incompleta, notificaráselle á persoa ou entidade beneficiaria da subvención, para que poida emendar, os xa presentados, no prazo de dez días hábiles. Transcorrido o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento ditándose a resolución que lle deberá ser notificada á entidade beneficiaria.

12.6. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

En todo caso, os documentos de gasto e/ou de pago que se presenten neste prazo excepcional deberán estar emitidos dentro do período máximo establecido no Convenio.

A presentación da xustificación neste prazo excepcional ou no período comprendido entre a finalización do prazo de xustificación e a notificación do prazo excepcional non eximirá á entidade beneficiaria das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións lle correspondan previa incoación e tramitación do expediente sancionador correspondente segundo a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 20% do importe da subvención co límite de 450 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación
- Atraso na presentación da xustificación superior a un mes ata tres meses: sanción do 30% do importe da subvención co límite de 800 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.
- Atraso na presentación da xustificación superior a tres meses: sanción do 40% do importe da subvención co límite de 900 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.

A tramitación do expediente de pago da subvención suspenderase durante a tramitación do expediente sancionador.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción.

13.- Gastos subvencionables

De acordo coa Lei 38/2003 xeral de subvencións e coas Bases municipais reguladoras para a convocatoria de subvencións destinadas a entidades cidadás e cidadanía en xeral, se consideran gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no período establecido nestas bases, de acordo coas seguintes porcentaxes:

- a) Non poderán superar o 20% do total da xustificación da subvención (referido á gastos da entidade)
 - Gastos de xestión (materiais de administración, informáticos, fotocopias, papel, bolígrafos, etc.).
 - Gastos de comunicacións: teléfono, fax, correo.
- b) Poderán acadar o 100% do total da xustificación da subvención (referido á actividade para a que se solicita a subvención)
 - Gastos de publicidade e difusión: imprenta, serigrafía, etc.
 - Gastos de transporte: autocares, billetes de tren, avión, etc.
 - Gastos de materiais consumibles específicos das actividades.
 - Asistencias técnicas (monitores/as, docencia, etc.).
 - Outros gastos relacionados coas actividades executadas.
- c) “Cortesías de colaboración”, relacionadas coa actividade (ata un máximo do 10%), como agasallos, placas conmemorativas, axudas de custo (de membros da entidade) e gastos de restauración e *catering* necesarios para o desenvolvemento da actividade.

O apartado a) fará referencia a gastos de xestión da entidade mentras que os apartados b) e c) referiranse a gastos da actividade.

14.- Obrigas das entidades beneficiarias

As obrigas das entidades son as recollidas na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006 e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

15.- Control financeiro das subvencións

Este control realizarase consonte co disposto no artigo 44 e seguintes da Lei xeral de subvencións.

Disposición adicional primeira

En todo o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases reguladoras para a convocatoria de subvencións destinadas a entidades cidadás e cidadanía en xeral, nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Ferrol, na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu Regulamento, e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Disposición adicional segunda

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao Rexistro Público de Entidades do Concello de Ferrol.

Comunícolle a Vde. Para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Ferrol, 27 de outubro de 2023
O concelleiro delegado de Cultura
José Antonio Ponte Far

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE FERROL - ANO 2023

ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE

1.- SOLICITANTE

(Os datos cubertos neste apartado terán que coincidir exactamente cos datos da tarxeta do CIF/NIF presentada, así como cos do titular da conta bancaria)

Datos da entidade

Denominación		CIF
Enderezo		Localidade
C.P.	Tfno. / Tfno. móbil	Fax
Correo electrónico		
Nº do Rexistro Municipal de Entidades Cidades do Concello de Ferrol		

Enderezo para os efectos de notificación

Enderezo		Localidade
C.P.	Tfno. / Tfno. móbil	Fax

Datos do/da representante

Nome e Apellidos	DNI
Correo electrónico	Tfno. / Tfno. móvil

2.- SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR

DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE	ORZAMENTO ESTIMATIVO DE GASTOS	IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA	COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO

MEMORIA DE CADA ACTIVIDADE PARA A QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

Deberá achegarse nun documento adxunto a esta solicitude, asinado polo/a presidente/a e o/a secretario/a da entidade e terá que ter obrigatoriamente como mínimo o seguinte contido:

- Descrición da actividade.
- Sector da poboación ó que se dirixe: crianzas, mocidade, muller, terceira idade, ...
- Localización da actividade.
- Obxectivos da actividade.
- Número de persoas que se benefician da actividade.
- Datat ou período de realización da actividade.
- Orzamento de gastos

DETALLE DO ORZAMENTO ESTIMATIVO DE GASTOS

[illegible]

FINANCIAMENTO PREVISTO

Concepto	Importe
Subvención do Concello de Ferrol ¹	
Aportación da entidade	
Outras axudas ou subvencións	
TOTAL INGRESOS	

1 Non poderá superar o 80% do total de gastos da actividade.

Ferrol, ____ de _____ de _____

O/a presidente/a

O/a secretario/a

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE FERROL - ANO 2023**ANEXO II - DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON TER DÉBEDAS¹**

(De conformidade co previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas)

D/Dña _____
con DNI nº _____, como presidente/a da entidade _____
_____, con CIF nº _____

DECLARO

Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (Facenda Autonómica) e coa Facenda municipal, así como das obrigas coa Seguridade Social.

Que dispoño da documentación que así o acredita, que poñerei ao dispor do concello cando me sexa requirida, e comprométome a manter este requisito durante todo o tempo da tramitación do expediente e do dereito á cobranza da subvención, quedando obrigado a comunicar ao concello calquera variación desta situación.

Ferrol, ____ de _____ de _____

O/a presidente/a

1 Esta declaración é válida para subvencións concedidas por importe non superior a 3.000 €

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE FERROL - ANO 2023**ANEXO III.- ACREDITACIÓN DA ENTIDADE**

D/Dña _____
con DNI nº _____, como secretario/a da entidade _____
_____, con CIF nº _____

CERTIFICO

- 1.- Que o número de socios activos desta entidade a 01/01/2022 é de _____.
- 2.- Que na reunión da xunta directiva da dita entidade, celebrada o día ____/____/2023, acordouse a presentación da solicitude correspondente á convocatoria de subvencións para a promoción e fomento da cultura dende as asociacións culturais de Ferrol para o ano 2023.
- 3.- Que na dita reunión acordouse, tamén, nomear a _____, con DNI _____, como representante para as relacións da entidade co Concello.
- 4.- Que a entidade comprométese a obter as licenzas e autorizacións preceptivas para o desenvolvemento das actividades.

E para que conste e para os efectos oportunos, expídese a presente certificación en

Ferrol, o ____ de _____ de _____

Visto e prace

O/a secretario/a

O/a presidente/a

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE FERROL - ANO 2023**ANEXO IV- DECLARACIÓN RESPONSABLE**

(De conformidade co previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións públicas)

D/Dna _____
con DNI nº _____, como presidente/a da entidade _____
_____, con CIF nº _____

DECLARO

- 1.- Que a entidade está ao corrente do pagamento das obrigas polo reintegro de subvencións e non está incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiaria ou percibir subvencións das Administracións públicas establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e comprométome a manter este requisito durante todo o tempo da tramitación do expediente e do dereito á cobranza da subvención, quedando obrigado a comunicar ao concello calquera variación desta situación.
- 2.- Que a entidade cumpre todo o regulado no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, relativo ás obrigas da entidade beneficiaria.
- 3.- Que coñezo e acepto as bases xerais e específicas que rexen a presente convocatoria.

Ferrol, ____ de ____ de ____

O/a presidente/a

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE FERROL - ANO 2023**ANEXO V - DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CUMPRIMENTO DA NORMATIVA NO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES QUE IMPLIQUEN CONTACTO CON MENORES**

(De conformidade co previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas)

D/Dña _____
con DNI nº _____, como presidente/a da entidade _____
_____, con CIF nº _____

DECLARO (marcar cunha X o que proceda segundo o caso)

☐	Que ningunha das actividades obxecto desta subvención implica o contacto habitual con menores.
--------------------------	--

☐	Que o persoal que presta servizos no desenvolvemento das actividades obxecto de subvención que implican contacto con menores cumpre os requisitos previstos no artigo 13.5 da Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. ²
--------------------------	---

Ferrol, ____ de _____ de _____

O/a presidente/a da entidade

² Artigo 13.5 da Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia: "Será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non haber sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúa a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. A tal efecto, quien pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a aportación dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais".

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE FERROL - ANO 2023**ANEXO VI- DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D/Dña _____
con DNI nº _____, como presidente/a da entidade _____
_____, con CIF nº _____

DECLARO

Que a entidade á que representa fai uso da Lingua Galega nas súas publicacións, documentación oficial e promoción da entidade nas redes sociais.

Ferrol, ____ de _____ de _____

O/a presidente/a

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE FERROL - ANO 2023

ANEXO VII - CERTIFICACIÓN DOS GASTOS REALIZADOS

D/Dna. _____, con DNI nº _____, como secretario/a da entidade _____, con CIF nº _____, CERTIFICO:

- 1) Que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida á subvención outorgada a esta entidade ao abeiro da convocatoria pública de subvención para a promoción e fomento da Cultura dende as entidades culturais de Ferrol para o ano 2023.
- 2) Que os gastos que se realizaron con cargo a dita subvención, son os que se reflicten no seguinte cadro:

PROVEDOR	NIF/CIF PROVEDOR	Nº FACTURA	DATA FACTURA	CONCEPTO	FORMA DE PAGAMENTO	IMPORTE TOTAL	DATA PAGAMENTO
						€	
						€	
						€	
						€	
						€	
						€	
						€	
						€	
						€	
						€	
SUMA TOTAL:						€	

Ferrol, ____ de _____ de _____

Visto e prace

O/a secretario/a

O/a presidente/a

O/a tesoureiro/a

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE FERROL - ANO 2023
ANEXO VIII- DECLARACIÓN DOUTROS INGRESOS

D/Dña _____
con DNI nº _____, como presidente/a da entidade _____
_____, con CIF _____

DECLARO, EN RELACIÓN Á ACTIVIDADE OBXECTO DESTA SUBVENCIÓN,

1) Que a entidade que presido:

- ☐ NON solicitou outras axudas para esta mesma finalidade.
☐ SÍ solicitou as seguintes axudas para esta mesma finalidade:

Administración ou entidade á que se lle solicitou	Importe solicitado	Importe concedido

2) Que os importes non subvencionables se financian con:

- ☐ Fondos propios
☐ Outros: _____

3) Que o importe da subvención concedida en concorrencia coas subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas non supera o custo das actividades obxecto desta subvención.

Ferrol, ____ de _____ de _____

O/a presidente/a da entidade

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE FERROL - ANO 2023
ANEXO IX- ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

D/Dna _____
con DNI nº _____, como presidente/a da entidade _____
_____, con CIF _____

DECLARO QUE O ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DA ACTIVIDADE OBXECTO DESTA SUBVENCIÓN É O SEGUINTE:

ESTADO DE GASTOS	
CONCEPTO DO GASTO	IMPORTE
GASTO TOTAL	

ESTADO DE INGRESOS	
	IMPORTE
Subvención do Concello de Ferrol	
Axudas concedidas por outras administracións ou entidades privadas:	
Fondos propios	
Outros	
TOTAL INGRESOS	

Ferrol, ____ de ____ de ____

O/a presidente/a da entidade

2023/8553